



## **MEDIDAS ESTRATÉXICAS CONTRA OS LUMES EN GALICIA**

***Francisco Dans del Valle***  
***Director da Asociación Forestal de Galicia***

Nos montes galegos, máis preocupantes que os factores naturais de risco de incendios forestais, son os derivados da propia acción do home e de situacións comúns en moitas áreas do noso territorio, de entre eles os máis determinantes e que se encontran na raíz da catástrofe que sufriu Galicia no verán de 2006 son, ao noso entender, os seguintes:

- A desertización do medio rural, co abandono de cultivos agrarios e selvaticización do territorio cun incremento moi forte da biomasa do sotobosque e a aparición de superficies continuas de matogueiras.
- O incremento de instalacións e infraestruturas nas áreas boscosas que non son acompañadas por medidas de defensa: estradas, vías férreas, tendidos eléctricos, conducións, sendeiros e camiños nos montes, que elevan fortemente o risco de incendio.
- A concorrencia de usos en perímetros forestais -gandería extensiva, industrias, residencias- alleos aos intereses dos propietarios dos montes ou que invitan ao descoído destes montes por ter outras expectativas.
- As negligencias derivadas do emprego do lume como ferramenta de traballo.
- As deficiencias dos montes galegos en materia de prevención de lumes.
- O aumento da presión de visitantes nos bosques.
- A escasa valorización do monte na sociedade.

Fronte a esta situación que xa vén de lonxe, o sucedido en Galicia no 2006 é unha continuación do que aconteceu os últimos anos: elevadísimo gasto en medios de extinción pero cunha baixada preocupante na eficacia do SDCIF, aumentando de forma significativa a superficie afectada por incendio ao mesmo tempo que o número de incendios non decrece.

No verán de 2006 poidemos constatar que o operativo civil de reforzo aos medios profesionais do SDCIF presentou graves deficiencias. Os analistas coinciden na súa escasa preparación, descoñecemento do medio e ausencia de coordinación co SDCIF.



Tamén se constatou que foi afectada unha gran superficie de monte arborado, en especial de monte veciñal en man común, moitos deles ben xestionados e dotados con infraestruturas e medidas de prevención.

Por outra parte, non se debe esquecer que os baixos prezos dos produtos forestais están incidindo negativamente na realización de tratamentos silvícolas preventivos (rozas estratéxicas en camiños, límites de montes, cortalumes principalmente), e na dotación de infraestruturas de defensa nos montes privados. Igual incidencia negativa ten o feito que desde hai bastantes anos as axudas públicas para estes traballos son practicamente inexistentes.

Despois de analizar o sucedido no ano 2006, debemos manifestar que:

- A dedicación dos medios a protexer aldeas, casas, instalacións e industrias fixo que moitos montes arderan por no contar co apoio debido.
- Os principais afectados polos negativos efectos económicos e ecolóxicos dos lumes son os propietarios forestais, particulares e comunidades de montes. O seu esforzo non é socialmente recoñecido nin valorado como o demostra o feito de non ter dereito a recibir compensación o indemnización algunha cando o lume provocado por terceiros arrasa as súas propiedades.
- Os efectos, sociais e económicos, reais dos lumes sobre as explotacións forestais galegas son descoñecidos. Urxe incorporar aos informes oficiais sobre incendios forestais datos relativos ao número de propietarios forestais afectados (diferenciando o tipo de propiedade e a responsabilidade da xestión), datos cuantificados sobre as perdas sufridas e tamén información obxectiva sobre os danos ecolóxicos.
- O servizo de defensa contra incendios forestais (SDCIF) presenta síntomas de baixada na súa eficacia, con mandos operativos de moi pouca experiencia e descoñecedores do territorio onde están ubicados.
- Non está ben integrado na sociedade galega, en particular é necesario constituír canles de relación permanente cos propietarios forestais a escala local.
- A organización dos silvicultores a escala local para prevenir os incendios e prestar apoio os Servizos de Defensa é case inexistente, son iniciativas dispersas e moi escasas, pero presentan unha gran eficacia.
- Os reforzos civís, voluntarios de protección civil, cuadrillas de Concellos e outros, non teñen preparación abondo para participar na loita directa co lume e as súas actuacións non están ben coordinadas co SDCIF.



- A protección dos núcleos rurais ou urbanos ten que ser asegurado pól as autoridades municipais, o servizo de defensa contra incendios forestais é un servizo concebido para defender os montes.
- Sen a realización de tratamentos silvícolas os montes galegos funcionan como bombas incendiarias pola altísima acumulación de combustible vexetal.
- O elevadísimo número de lumes producidos en época de alto risco, tanto intencionados como negligencias, só pode explicarse pola baixa valorización do monte na sociedade galega.
- O monte galego require diversificar os seus aproveitamentos para incrementar as rendas dos propietarios e garantir a súa sostibilidade.
- As infraestruturas de prevención e de defensa nos montes galegos son moi precarias e en xeral carentes de planificación, esta realidade é especialmente preocupante nos espazos forestais onde predomina o monte de particulares.

## **MEDIDAS ESTRATÉXICAS**

**Fondo europeo de catástrofes forestais**, Galicia debe demandar a creación dun fondo especificamente dedicado a incendios, vendavais, pragas e enfermidades. O seu obxectivo principal debe ser a restauración das masas forestais danadas por catástrofes mediante indemnización aos propietarios forestais afectados.

**Apoio á restauración dos montes queimados**. Resulta urxente e ineludible prestar apoio económico para a recuperación dos montes arborados privados que foron queimados. En moitos casos as perdas foron moi cuantiosas e o desánimo nestes propietarios fará aumentar sen remedio a superficie a matogueira e abandono.

**Coordinación entre as organizacións de propietarios e os servizo de defensa contra o lume a escala local**. A coordinación e o intercambio de información entre os propietarios forestais e os servizos de loita contra o lume son factores determinantes para mellorar a eficacia da loita contra o lume e diminuír o risco de incendios forestais. Esta colaboración non existe e debe ser institucionalizada. Igualmente debe ser promovida a organización local dos titulares dos montes para facer os traballos de prevención e, no seu caso, apoiar de xeito organizado aos servizos de extinción.



**Incorporación a estatística oficial** dos datos sobre o número de propietarios forestais afectados e a tipoloxía e a xestión dos montes queimados, así como dos danos e perdas, económicos e ecolóxicos sufridos anualmente.

**Medidas de apoio á silvicultura preventiva**, o monte privado necesita unha inxección de recursos destinados á prevención dos lumes. É necesaria co-financiación pública para axudar os propietarios a facer:

- Podas, rareos e rozas estratéxicas,
- Creación e mantemento de devasas e áreas de defensa
- Creación e mantemento de camiños e depósitos de auga
- Organización local dos propietarios para a defensa contra incendios

**Aproveitamento da biomasa forestal con fins enerxéticos**, a biomasa primaria que hoxe queda no monte debe ser aproveitada para a produción de enerxía. Para mobilizar os propietarios forestais, particulares e comunidades de montes, deben encontrar neste novo uso unha fonte de ingresos que axude o coidado do monte.

**Plan de Comunicación**, a sociedade galega debe valorar os bosques galegos, os seus recursos e o labor dos silvicultores. Esta labor de comunicación debe formar parte dos contidos educativos dos nosos escolares.



*Por unha nova cultura forestal fronte aos incendios – Os debates no CCG*